

FEDERACIÓN GALEGA DE RUGBY

Avda. de Glasgow 11 – 15008 A CORUÑA

Teléfono: (34) 981 137402

Móvil: (34) 687 218473

Fax: (34) 981 299005



FEDERACIÓN GALEGA DE RUGBY
F.G.R.

Internet: www.fegarugby.com

E-mail: secretaria@fegarugby.com

RESOLUCIÓNS DO XUÍZ ÚNICO DE COMPETICION DO 3 DE DECEMBRO DO 2008.-

A) ENCONTRO LIGA XUVENIL: MAREANTES - CRAT.-

Á vista dos escritos presentados polos dous Clubs, solicitando de mutuo acordo o Cambio de orden dos partidos, como consecuencia de non ter campo para a disputa do encontro.

É polo que

DETERMÍNASE

Aceptar o devandito CAMBIO DE ORDEN para xogar este encontro o 1/2 de Febreiro do 2009 correspondente a Xornada 10ª; e o encontro **CRAT - MAREANTES** disputarase o 6 de Decembro do 2008 correspondente a Xornada 3ª; en base ao artigo 14 do RPC.

B) ENCONTRO LIGA SENIOR: VIGO - MURALLA.-

A vista do escrito presentado polo Árbitro do encontro, no que reflexa a NO COMPARECENCIA do equipo de MURALLA no terreo de xogo.

E polo que

DETERMÍNASE

PRIMEIRO.- Sancionar ao Club MURALLA con MULTA de CINCOCENTOS CORENTA (540) € en base ao Art. 103.c) do RPC. **FALTA GRAVE. POR INCOMPARECENCIA NON AVISADA**, como determina o Art. 37.1.B) do RPC. **E Descontarlle ao equipo MURALLA, DOUS (2) puntos** na súa clasificación, como determina o mesmo artigo do RPC.

Esta cantidade deberá ingresarse na Conta Bancaria da FGR antes do 17 de Decembro do 2008; como se determina no punto 14º, 4º da NCG.

SEGUNDO.- Dar como vencedor do encontro ao equipo de VIGO polo resultado de SETE (7) a CERO (0), e outorgarlle CINCO (5) puntos, segundo o Art. 28 do RPC.

FEDERACIÓN GALEGA DE RUGBY

Avda. de Glasgow 11 – 15008 A CORUÑA

Teléfono: (34) 981 137402
Móvil: (34) 687 218473
Fax: (34) 981 299005



FEDERACIÓN GALEGA DE RUGBY
F.G.R.

Internet: www.fegarugby.com
E-mail: secretaria@fegarugby.com

C) ENCONTRO LIGA XUVENIL: CRAT - ARVOURENSE.-

A vista da Acta do partido, na que o Arbitro do encontro reflexa o seguinte:

“Ante a NON PRESENZA do Arbitro designado oficialmente polo Comité Galego de Arbitros de Rugby; asumo a responsabilidade de arbitrar o encontro, tras consultar co Presidente do citado Comité. Comezando o encontro 40 min. máis tarde do previsto, por atoparme no meu domicilio”

“Cartón Vermello no min. 23, ao xogador do CRAT con dorsal nº 22, Gabriel LOPEZ PICATOSTE, con lic. nº 1103825; por golpear co puño a un xogador contrario, estando de pé, co balón en disputa entre ámbolos dous, impactando no costado”.

E polo que

DETERMINASE

PRIMEIRO.- Incoar Procedemento Ordinario para que o Arbitro designado oficialmente Carlos Nelson MORANDÉ GONZALEZ E OS CLUBES, poidan formular alegacións e/ou presentar probas para justificar o sucedido, antes do 10 de Decembro do 2008.

SEGUNDO.- Suspender cuatelaramente a vixencia da licenza do árbitro Carlos Nelson Morandé Gonzalez, licenza nº 1105008, en tanto se resolva o procedemento ordinario.

TERCEIRO.- Sancionar coa suspensión por dous (2) encontros oficiais a Gabriel LOPEZ PICATOSTE, licenza 1103825, por comisión de Falta Leve 4 (art. 89.c do RPC). No cumplimento da sanción deberase ter en conta o que se establece no Art. 76 do RPC.

CUARTO.- AMOESTACION ao Club CRAT (Art. 104 do RPC)

Contra estas Resolucións, poderá interpoñerse Recurso ante o Comité de Apelación da FGR, presentando o mesmo ante esta Federación no prazo de CINCO (5) DIAS HÁBILES. En base o Art. 90 do RPC.

A Coruña, 3 de Decembro do 2008
Oscar Lodeiro Hermida
Secretario Xeral da FGR